

MEMORIA

DA

**ÁREA DE INTERNACIONALIZACIÓN,
MOBILIDADE E INNOVACIÓN**

DA

UNIVERSIDADE SÉNIOR

DA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CURSO 2017/2018



**Área de Internacionalización,
Mobilidade e Innovación**

- 1 Participación en Programas Educativos Europeos – Erasmus+**
 - 1.1 Proxecto Erasmus+ KA1 “TIC Tac +55 – Técnicas de Aprendizaxe Combinadas das TIC para maiores de 55 anos”.**
 - 1.2 Erasmus+ Programme - Call for Proposals 2018.**
- 2 Convenios bilaterais con outras institucións europeas de educación de adultos**
- 3 International Meeting “Learning without borders”. A Coruña, 7 a 11 de maio.**
- 4 Taller Europeo 2017-2018**
 - 4.1 Introducción**
 - 4.2 Metodoloxía**
 - 4.3 Contenidos**
 - 4.3.1 Formación en Habilidades de Comunicación e Habilidades para o Traballo Colaborativo
 - 4.3.2 Formación en Metodoloxía Científica.
 - 4.3.3 Formación en Linguas Estranxeiras.
 - 4.3.4 Formación en TIC
 - 4.4 Proxectos ou Iniciativas Educativas desenvolvidas**
 - 4.4.1 SciSénior - Conature
 - Obxectivos
 - Conferencias invitadas
 - Visita de campo: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña.
 - Resultados
 - 4.4.2 En-RED-Versados (4ª edición).
- 5 Mobilidades transnacionais do curso 2016-2017.**
- 6 Outras iniciativas de dimensión internacional**
 - 6.1 Membresía en AIUTA, Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade.**
 - 6.2 Participación nas “Jornadas ERASMUS+: 30 AÑOS ENRIQUECIENDO VIDAS, ABRIENDO MENTES EDUCACIÓN DE PERSONAS ADULTAS + 30 ANIVERSARIO – EDUCACIÓN DE PERSONAS ADULTAS”.**
 - 6.3 I Encontro Ibérico de Programas de Formación Universitaria para Seniores.**
- 7 Asociación Estatal de Programas Universitarios para Miores (AEPUM).**
 - 7.1 VIII Encontro Galego de Programas Universitarios para Miores.**
 - 7.2 Rede Galega de Programas Universitarios para Miores (REGAPUM).**

8 Mobilidades a nivel estatal do curso 2017-2018

8.1 Intercambio Académico coa Universitat Senior de la Universitat Politècnica de Valencia (UPV).

8.2 Intercambio Académico coa Universidad de la Experiencia de la Universidad de Salamanca (USAL).

9 Seminarios na Universidade Sénior.

10 Iniciativas innovadoras en colaboración con outras institucións.

11 RadioSénior – Iniciativa de Capacitación Mediática.

1. Participación en Programas Educativos Europeos – Erasmus+

A implicación da Universidade Sénior no desenvolvemento e na execución de proxectos europeos comeza no curso 2003-2004, e se mantén de xeito ininterrompido ata o momento actual.

1.1. Proxecto Erasmus+ KA1 “TIC Tac +55 – Técnicas de Aprendizaxe Combinadas das TIC para maiores de 55 anos”

A finais do curso 2016/2017 foi publicada a concesión deste proxecto a un consorcio de programas universitarios para maiores liderado pola UMA, para ser posto en marcha no curso 2017/2018, recibindo dos avaliadores a maior das puntuacións de entre as solicitudes presentadas e sendo aprobado polo SEPIE, o organismo autónomo que xestiona os proxectos europeos Erasmus+ descentralizados.

O proxecto TIC Tac +55 é un proxecto **Erasmus+ KA104** para a mobilidade por razóns de aprendizaxe de profesorado e persoal de cinco programas universitarios para maiores de Universidades do estado español (Alacant, A Coruña, Jaume I de Castelló, Salamanca e Málaga). No proxecto están **previstas 35 mobilidades de docentes para a aprendizaxe** a Universidades e Centros de Formación de Adultos de Finlandia, Italia, Eslovaquia, Hungría, Reino Unido e Estonia. Este proxecto ten unha **duración de dous anos** (entre 2017 e 2019).

Durante o **curso 2017-2018**, a Universidade Sénior comezou o desenvolvemento do Proxecto “TIC Tac +55”, tanto desde o punto de vista administrativo como no que atinxe ás mobilidades, tendo lugar **tres mobilidades**:

- **Entre o 20 e o 24 de novembro de 2017**, unha profesora da Universidade Sénior, participou nun curso estruturado titulado “**Seniors’ Life Skills and ICT**”, no centro **Sastamala Community College**, na localidade de **Sastamala (Finlandia)**.
- **Entre o 7 e o 11 de maio**, unha profesora da Universidade Sénior, participou nun curso estruturado baixo o título “**Implementing technological tools for improving learning outcomes for seniors**”, impartido na **Comenius University de Bratislava (Eslovaquia)**.
- **Entre o 4 e o 8 de xuño**, un profesor da Universidade Sénior, participou nun curso estruturado titulado “**ICT supported Innovation and Creativity Workshop for Teachers and Trainers**”, en **TREBAG, Nagykovacs (Hungría)**.



No que atinxe á **difusión dos resultados**, o pasado 1 de marzo desenvolveuse no Aula 1 da Universidade Sénior o **Obradoiro** titulado “**As TIC como destreza de vida nas persoas adultas e maiores europeas**”, impartido pola **profesora Laura Nieto**, docente da UDC. O obxectivo do obradoiro era difundir ferramentas para o ensino do uso de dispositivos como móbiles ou tablets ás persoas maiores na súa vida cotiá, a través de diferentes aplicacións, utilizando técnicas de aprendizaxe personalizada e promovendo un uso responsable das TIC.



Con este obradoiro pretendeuse difundir parte das actividades de formación derivadas do proxecto “TIC Tac +55”, e estivo destinado a docentes interesados en aplicar estas técnicas á súa docencia, docentes da Universidade Sénior e outros programas universitarios para maiores de Galicia, dinamizadores de aulas de formación de adultos, ... pero tamén estivo invitado a asistir o estudantado e público en xeral. En colaboración con AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), axencia adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, o obradoiro foi **retransmitido por videoconferencia a través da Rede CEMIT** (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) con aulas en toda Galicia

1.2. Erasmus+ Programme - Call for Proposals 2018

Tras un intenso traballo previo de contacto con socios e coordinadores, de redacción e preparación da documentación precisa para as respectivas “Application Form”, a Universidade Sénior da Universidade da Coruña concorreu á **convocatoria Erasmus+** con **dúas propostas**:

- **Asociación Estratéxica Erasmus+ KA204**, baixo o título “**IDEMASAP 50+ -Increase and development of manual skills and physical vitality of citizens of the European Union over 50 years**”. A solicitude foi **aprobada** e o proxecto concedido, para ser executado nos cursos 2018/2019 e 2019/2020. Será coordinado pola Universidade Técnica de Zvolen (Eslovaquia), con socios de Portugal (Rede de Universidades da Terceira Idade – RUTIS), República Checa (Universidade Mendel en Brno), Polonia (Universidade de Lubsko) e España (Universidade Sénior da UDC).
- Proxecto **Erasmus+ Sport “UTA Sports Games”**, liderado pola Universidade Técnica de Zvolen (Eslovaquia), que está aínda en valoración.

2. Convenios bilaterais con outras institucións europeas de educación de adultos

No ano 2008, o Reitor da Universidade da Coruña e o Director do **Het Perspectief de Gante (Bélxica)** asinaron un Convenio de Colaboración dirixido a facilitar a realización de proxectos e iniciativas educativas conxunta así como para promover a mobilidade do alumnado e do persoal implicado neses proxectos e iniciativas.

No ano 2014, a **Comune di Scandiano**, concello da rexión italiana de Emilia-Romagna, sumouse ao programa de intercambios a través da **Università del Tempo Líbero**, e no curso 2016-2017 incorporouse a **Universidade da Grande Idade de Rio Tinto (Portugal)** e no curso 2017-2018, o **Programa de Estudos Universitários para Seniores da Faculdade de Letras da Universidade do Porto (PEUS-FLUP)**.

Son **obxectivos** dos intercambios:

- Empoderar aos estudantes sénior mediante a súa activa implicación nun entorno internacional de aprendizaxe
- Promover unha cidadanía europea activa entre os estudantes sénior.
- Formar en valores interculturais e de traballo colaborativo, tanto a nivel local como transnacional.
- Favorecer a adquisición de novos coñecementos e habilidades mediante unha metodoloxía activa e participativa.
- Mellorar as destrezas e recursos xa adquiridos e a adquisición de novos recursos.
- Potenciación de actitudes e destrezas: aprender a aprender e aprender para compartir.
- Fomentar unha maior adaptación ás necesidades e potencial individual dos estudantes.
- Facilitar a formación en linguas estranxeiras, nomeadamente en lingua inglesa.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

3. International Meeting “Learning without borders”. A Coruña, 7 a 11 de maio.

No marco dos proxectos e iniciativas educativas desenvolvidas ao abeiro destes convenios bilaterais, no curso académico 2017-2018, e con motivo da celebración no ano 2018, dos **15 anos de Internacionalización, Mobilidade e Innovación na Universidade Sénior**, tivo lugar entre o 7 e o 11 de maio un International Meeting con máis de **100 participantes** de **5 países**.



Taboa 1. Participantes no International Meeting, por institución e país.

Institución	País	Nº asistentes
Het Perspectief de Gante	Bélxica	8
Univesità del Tempo Lìbero de Scandiano	Italia	17
Universidade do Porto	Portugal	20
Universidad Populare de Almansa	España	12
Universitat Senior – Univ. Politécnica de Valencia	España	14
Universidade Sénior – Univ. Da Coruña	España	38

A Universidade Sénior, o programa universitario para persoas maiores de 50 anos da Universidade da Coruña, leva xa 15 anos deseñando, implementando e executando iniciativas de Internacionalización, Mobilidade e Innovación. Desde o **ano 2003**, e de xeito ininterrompido, a Universidade Sénior ten participado en **preto dunha decena de proxectos educativos europeos**, dentro dos Programas Socrates, Lifelong Learning Programme e Erasmus+.

Ao longo destes anos, case **700 alumnos e alumnas teñen participado en actividades de carácter internacional**, e **preto de 300 fixeron mobilidades** a algún país europeo. Consecuencia da participación en proxectos europeos, a Universidade Sénior ten establecido convenios de colaboración para intercambio de alumnos e alumnas con entidades de formación de adultos de Bélxica, Italia e Portugal, ademais de con outros programas universitarios para maiores no estado español.

Os actos comezaron o **martes, 8 de maio**, co rexistro e entrega de material, e unha recepción oficial aos mais de 100 participantes do **International Meeting “Learning without borders/Aprender sen fronteiras”** e o Acto de Inauguración no **Paraninfo da Reitoría** a cargo das Vicerreitoras de Oferta Académica e Innovación Docente, Nancy Vázquez, e Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, Pilar García.



No acto de apertura, participaron en nome das delegacións asistentes Dña. Carine de Volder (Bélxica) e D. Adelmo Torrelli (Italia).



Pechou o acto a actuación da Aula de Danza da UDC.



Polo serán, os participantes tiveron ocasión de realizar diferentes **actividades académicas e culturais**: Visita guiada ao Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, Visita guiada ao Instituto Oceanográfico da Coruña, e Visita guiada pola Cidade Vella.



O día **9 de maio**, logo dun roteiro pola Coruña Modernista, os participantes foron recibidos polo Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, no Salón de Plenos do Pazo Municipal. Tras un xantar de confraternización, os participantes, segundo as delegacións, visitaron a Casa Museo de Pablo Picasso, o Museo de Belas Artes, ou se incorporaron ás actividades académicas habituais na Universidade Sénior.



O día **10 de maio**, tivo lugar a **presentación dos traballos** realizados polos alumnos/as no marco da **iniciativa SciSenior-Conature**, e participaron nun **programa especial de RadioSénior**, a iniciativa innovadora de capacitación mediática e comunicación social da Universidade Sénior en CUAC FM.




3. Taller Europeo 2017-2018

3.1 Introducción

O Taller Europeo vehiculiza cara ao alumnado a dimensión internacional da Universidade Sénior da Coruña, tanto dos proxectos educativos europeos como dos convenios bilaterais de colaboración con outras entidades de formación de adultos, reunindo a formación en valores interculturais, de traballo colaborativo, e de potenciación dunha cidadanía europea activa, coa formación en TIC e linguas estranxeiras, ambas con carácter instrumental.

O taller desenvolveuse en sesións quincenais de dúas horas de duración, nas que se alternaron sesións prácticas e horas de tutoría con sesión específicas tanto de aprendizaxe da lingua inglesa, como de aprendizaxe das TIC, no entendemento de que a mellora das competencias dixitais, entendidas como competencias básicas e transversais, facilitará o acceso a recursos educativos abertos e axudará a promover entre os nosos maiores unha cidadanía activa europea. Dous liñas de traballo foron desenvolvidas do Taller durante o curso 2018-2019. A primeira de formación en divulgación científica, onde os alumnos convertéronse en divulgadores de grupos de investigación da UDC de recoñecido prestixio internacional. A segunda liña de traballo continúa, con unha marcada orientación lusófona nesta a súa terceira edición, un clube de poesía on-line. Ademais traballóuse de modo transversal na preparación e desenvolvemento do Encontro Internacional *Learning without Borders*, evento celebrado para conmemorar os 15 anos de internacionalización da Universidade Sénior.

Os destinatarios de esta iniciativa foron un grupo 33 alumnos e alumnas (24 mulleres e 9 homes). A distribución por idade, sexo e estudos previos móstranse nas seguintes gráficas.



Os recursos humanos con que contou o taller foron os seguintes: unha docente e coordinadora do taller; unha docente de lingua estranxeira (inglés); un técnico e instrutor de TIC; 3 conferenciantes invitados.

3.2 Metodoloxía.

Como en cursos anteriores, para o desenvolvemento das actividades académicas foi utilizada unha metodoloxía activa e participativa baseada na idea de **“Aprender a Aprender, e Aprender para Compartir”**.

Foi tamén utilizada unha metodoloxía de **Blended Learning**, combinando o ensino presencial (Face-to face) cun enfoque individual no que os estudantes tiñan que procurar, procesar e compartir a información usando as TIC.

Combinouse tamén o traballo en grupo (8-10 estudantes) có traballo individual, e foron incluídas leccións maxistras, traballo en grupo, clases prácticas e saídas de campo.

3.3 Contidos

- o Formación en Habilidades de Comunicación e Habilidades para o Traballo Colaborativo
- o Formación en Metodoloxía Científica
- o Formación en Linguas Estranxeiras
- o Formación en TIC



As **principais ferramentas TIC** utilizadas foron os **blogs**, a edición de **vídeo dixital** (Youtube) e as **redes sociais** (nomeadamente Facebook).

Os blogs representan unha importante ferramenta para promover o uso da TIC e para facilitar a comunicación entre o staff e os estudantes, ademais de ser utilizada para difundir os resultados do proxecto. No que atinxe á aprendizaxe dos blogs, os estudantes aprenderon a publicar os seus traballos nos blogs, consultar o material docente publicado, publicar noticias e recursos multimedia relativos aos temas do Taller. As Redes Sociais son unha canle de comunicación cada vez mais habitual tamén entre os nosos estudantes.

Os vídeos, de corta duración e publicados en internet, mediante en ferramentas como Youtube ou Vimeo, son cada vez mais unha poderosa canle de comunicación polo que este curso académico introduciuse este contido como vehículo de difusión dos contidos científicos do Taller.

3.4 Proxectos ou Iniciativas Educativas desenvolvidas

No Taller Europeo desenvóléronse, durante o curso 2017-2018, dúas liñas de traballo simultáneas para traballar conxuntamente cos diferentes socios dos convenios bilaterais:

3.4.1 SciSénior - Conature

As universidades son institucións adicadas non só á docencia senón tamén á investigación científica, pero os esforzos e os logros que se conquiren neste eido non chegan suficientemente ao público en xeral nin en ocasións aos propios estudantes universitarios, polo que resultan necesarias accións específicas de comunicación e divulgación de traballos e achádegas científicas. A finalidade xeral do taller será aportar os coñecementos necesarios para que os alumnos e alumnas sirvan de axentes divulgadores a través de diversas ferramentas, principalmente as TIC, e medios de difusión como a radio. Esta divulgación estará destinada non só ao público local senón tamén internacional. Esta liña SciSenior do Taller Europeo está conectada co proxecto Conature, cos socios italianos de Scandiano e maila Universidad Popular de Almansa.

- **Obxectivos**

- Aumentar o nivel de alfabetización científica dos alumnos e alumnas da Universidade Sénior.
- Formar aos alumnos e alumnas como axentes divulgadores dos avances científicos, tanto a través das novas tecnoloxías como dos medios tradicionais e de ferramentas de escritura como os scikus (haikus científicos).

No curso 2017-2018, a partir de contidos científicos específicos expostos por investigadores da Universidade de A Coruña, os alumnos e alumnas foron formados nas análises

de publicacións científicas e en como convertelos en textos para seren difundidos en distintos medios.

O traballo en grupo dos alumnos e alumnas tivo catro eixes nos que se incardinan tanto as Conferencias impartidas por investigadores como os traballos divulgativos realizados polos alumnos e alumnas: Neurociencia, Medio Ambiente, Xenética e Tecnoloxía.

- **Conferencias invitadas**

Como xa quedou apuntado na presentación do Taller, os alumnos e alumnas recibiron formación para ser quen de levar a cabo accións específicas de comunicación e divulgación de traballos e achádegas científicas.

Para isto, o Taller Europeo contou coa participación de tres recoñecidos investigadores da propia Universidade da Coruña que impartiron tres conferencias sobre as súas liñas de investigación:

- Prof. Dra. Adina Dumitru, Grupo de Investigación “Persona-Ambiente” da UDC
- Prof. Dr. Casto Rivadulla, Grupo de Investigación NeuroCOM (Dpto. Medicina) da UDC.
- Prof. Dr. Andrés Martínez, do Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva, da UDC.



Os alumnos e alumnas tamén foron formados en el sciku (haiku científico) como ferramenta de divulgación e que serviu para conectar as dúas liñas de traballo do Taller Europeo 2017-2018.

- **Visita de campo: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña.**

O 16 de marzo, os alumnos e alumnas do Taller tiveron a ocasión de coñecer o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) que promove a Universidade da Coruña para acoller aos grupos de investigación que traballan en proxectos relacionados coa investigación nas ciencias químicas e biolóxicas.

Durante a visita, os alumnos e alumnas tiveron ocasión de coñecer o funcionamento do Centro e o desenvolvemento das investigacións que ese están a levar a cabo no mesmo, da man dos propios investigadores e investigadoras.



- **Resultados**

Os traballos dos grupos de alumnos e alumnas foron publicados no Blog deseñado para SciSénior (<https://scisenior.wordpress.com/>), e no caso do eixo temático do grupo de Tecnoloxía, o seu traballo consistiu nun vídeo divulgativo da propia Universidade Sénior que foi publicado no canal de Youtube da Universidade Sénior: <https://youtu.be/LtTrr3s4lr4>.

Estes traballos foron presentados de xeito público durante a celebración do **International Meeting “Learning without borders/Aprender sen fronteiras”**, celebrado na Coruña, entre o 7 e o 11 de maio.

Ademais, os alumnos e alumnas produciron e emitiron un programa especial de divulgación científica SciSénior no programa RadioSénior, a iniciativa de capacitación mediática da Universidade Sénior, que se emite quincenalmente en directo na emisora comunitaria CUAC FM: <https://radioseniorblog.wordpress.com/>

3.4.2 En-RED-Versados (3ª edición)

No ano 2014, o Parlamento galego aprobou por unanimidade a chamada Lei Valentín Paz-Andrade (LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía) destinada a incorporar progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa como lingua estranxeira e promover as relacións cos países de lingua portuguesa.

Na 2ª edición de En-RED-Versados (2016-2017) tratouse de fomentar o coñecemento mútuo e o achegamento á lingua, cultura e realidade social da Lusofonía, complementado nunha 3ª edición de En-RED-Versados (2017/2018) coa formación para a redacción e publicación no blog de Scikus (Haikus Científicos) como ferramenta poética de divulgación científica


Para o cumprimento dos obxectivos propostos, se continuou o Clube de Lectura on-line de poesía iniciado no curso 2014-2015, como iniciativa tecnolóxica singular ao abeiro do proxecto ACTING (Axentes Sociais para a promoción dun Envellecemento Activo a través de las TIC" baixo o título "En-RED-Versados" con formato de blog (<https://enredversados.wordpress.com/>).

Para aumentar a motivación respecto da aprendizaxe das TIC utilízanse dous elementos ou compoñentes culturais:

1. A poesía como “manifestación da diversidade no diálogo, da libre circulación das ideas por medio da palabra, da creatividade e da innovación” (UNESCO, Día Internacional da Poesía, 21 de marzo).
2. O carácter de iniciativa internacional mediante a participación no programa de mobilidades internacionais de alumnos e alumnas, da Universidade da Grande Idade de Rio Tinto (Portugal) e o Programa de Estudos Universitários para Seniores da Facultade de Letras da Universidade do Porto (PEUS-FLUP).
3. O achegamento á lusofonía para ter unha perspectiva histórica da expansión mundial da lingua e a cultura portuguesa.

Estes elementos axudaron a crear nos participantes a necesidade de dotarse de habilidades en TIC necesarias para compartir coñecementos, opinións, puntos de vista, etc. sobre a poesía.

Gráfico 4. Estatísticas do Blog En-RED-Versados



4. Mobilidades transnacionais do curso 2017-2018.

Baixo o termo mobilidade enténdese a estancia física, transnacional e servindo a un propósito de aprendizaxe nunha institución educativa doutro país.

No curso 2017-2018, realizáronse un total de 3 mobilidades de persoal, ao abeiro do proxecto TICTac +55. Non houbo mobilidades transnacionais de alumnado dada a celebración na Coruña no **International Meeting “Learning without Borders”** sendo a **Universidade Sénior** a **institución acolledora** das distintas delegacións internacionais.

5. Outras iniciativas de dimensión internacional

5.1. Membresía en AIUTA, Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade.

AIUTA é unha organización que reúne universidades para maiores de todos os continentes. Durante catro décadas ven contribuíndo á formación ao longo de toda a vida a través do intercambio de boas prácticas entre universidades, a innovación en termos de ensino e investigación científica

O xoves 25 de xaneiro de 2018, a Universidade Sénior, o programa universitario para maiores de 50 anos, da Universidade da Coruña acolleu a **reunión do Comité Executivo da Asociación Internacional de Universidades para Maiores (AIUTA)**.

Os membros do Comité Executivo, encabezados polo Presidente de AIUTA, Prof. François Vellas, foron recibidos no Reitorado da Universidade pola Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, Prof. Dra. Nancy Vázquez Veiga, e pola Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, Prof. Dra. Pilar García de la Torre. A continuación tivo lugar unha visita ás instalacións da Universidade Sénior no edificio Normal onde tivo lugar un encontro aberto co alumnado da Universidade Sénior co obxectivo de dar a coñecer as diferentes realidades das universidades para maiores en todo o mundo.



5.2. Participación nas “Jornadas Erasmus+: 30 años Enriqueciendo Vidas, Abriendo Mentes - Educación de Personas Adultas”.

Durante 2017, celebrouse o 30 aniversario do Programa Erasmus+, e o SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación) organizou, dentro do sector de Educación de Adultos, unha xornada o 9 de outubro, na que participou a Universidade Sénior da Coruña xunto aos programas para maiores das universidades de Oviedo, Murcia, Castellón, A Coruña, Málaga e Alicante, así como outros centros de Educación de Personas Adultas, Escuelas Oficiales de Idiomas, Universidades Populares, Aulas de Cultura, Consejerías y otras administraciones, Asociaciones, Fundaciones, ...



5.3. Participación na “Xornadas ERASMUS+: 30 Aniversario na UDC”.

O día 7 de novembro de 2017, a Universidade Sénior participou nos actos de celebración do 30 aniversario de Erasmus que organizou a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación da Universidade da Coruña na Facultade de Economía e Empresa.

5.4. I Encontro Ibérico de Programas de Formação Universitaria para Seniores.

O pasado 19 de abril de 2018, a Universidade Sénior participou no I Encontro Ibérico de Programas de Formación Universitaria para Seniores, que tivo lugar na Sala de Conferencias da Universidade de Lisboa, facendo presentación da súa experiencia de Internacionalización. Neste I Encontro Ibérico de PUM, participaron as seguintes universidades: Universidade de Lisboa, Universidade de Extremadura, Universidade Lusófona, Universidade de Valencia, Academia das Ciencias de Lisboa, Universidad de Alicante, Universidade de Coimbra, Universidade da Coruña, Instituto Politécnico de Leiria, Universitat de les Illes Balears, Insituto Politécnico de Viana do Castelo, Universidad de Santiago, e Universidad Carlos III de Madrid.



6. Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM).

A Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM) está constituída por universidades públicas e privadas que contan con programas universitarios para maiores. O fin esencial da AEPUM é fomentar os programas educativos para maiores no eido universitario, contribuíndo ao desenvolvemento formativo e cultural do colectivo das persoas maiores. Actualmente 45 universidades forman parte de AEPUM e a súa acción abrangue a mais de 43.000 alumnos e alumnas maiores de 50 anos.

A Universidade Sénior da UDC é membro de AEPUM dende o ano 2010. O noso programa para maiores forma parte da Xunta Directiva da Asociación, ocupando inicialmente a vocalía da área de Internacionalización e dende 2015 tamén a Tesoureira. En calidade de membro da Xunta Directiva, a Universidade Sénior participa nas xuntanzas ordinarias da mesma, así como na Asembleas convocadas.

Durante o curso 2017-2018, a Universidade Sénior participou no IX Seminario de Trabajo AEPUM “Diversidad Generacional en los Programas Universitarios para Personas Mayores: Retos y Oportunidades”, celebrado en Palma de Mallorca e organizado pola Universitat de les Illes Balears (UIB), os días 26 e 27 de abril de 2018.

6.1. VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores

O día 11 de maio, a Universidade Sénior da Coruña acolleu o VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores, que reuniu na Coruña a preto de 150 alumnos e alumnas, docentes e membros dos equipos directivos dos programas universitarios para maiores de 50 anos das tres universidades públicas galegas.

Táboa de asistentes ao VII Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores

	CAMPUS	Alumnos/as		Staff		Totais		
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Total
UDC	A Coruña	6	32	1	2	7	34	62
	Ferrol	5	14	1	0	6	15	
USC	Santiago	12	35	1	8	13	43	65
	Lugo	2	6	0	1	2	7	
UVigo	Vigo	7	5	1	0	8	5	15
	Ourense	0	0	1	0	1	0	
	Pontevedra	1	0	0	0	1	0	

O seu obxectivo era favorecer e por en valor a democratización do coñecemento, potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos mediante accións específicas, desenvolvidas a través dos programas universitarios, que permiten avanzar cara un envellecemento activo, mellorando a calidade de vida e favorecendo o crecemento persoal e social entre as persoas maiores.


O acto de inauguración do Encontro estivo presidido pola Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, Prof. Dra. Nancy Vázquez Veiga, e contou coa participación da Vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, Dna. Goretti San Martín e do Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da Universidade de Santiago de Compostela, D. Roberto Javier López López.




O programa do Encontro incluíu unha Clase Maxistral do Prof. Dr. José Ramón Soraluze Blond, catedrático da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e primeiro Director da Universidade Sénior, e un Concerto Didáctico de música tradicional galega, coa colaboración do Centro Coreográfico Galego.



Durante a xornada académica, tanto alumnos e alumnas como docentes dos programas universitarios para maiores de Galicia tiveron ocasión de presentar en formato póster as súas experiencias académicas nestes programas.



Logo dun xantar de confraternización, o Encontro finalizou cunha actividade académica no Aquarium Finisterrae, onde tivo lugar o acto de clausura a cargo dos Directores dos tres programas para maiores das Universidades públicas galegas.



6.2. Rede de Programas Universitarios para maiores das Universidades Públicas Galegas (REGAPUM).

No mes de maio de 2018, os Reitores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo asinaron o Acordo de Constitución da REDE DE PROGRAMAS UNIVERSITARIOS PARA MAIORES DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS (REGAPUM).



7. Mobilidades a nivel estatal do curso 2017-2018

Trátase dun programa de intercambio de carácter académico e cultural, que persigue fomentar a mobilidade e a integración cultural e territorial, promovendo e incentivando o desenvolvemento persoal, a cidadanía activa e o envellecemento saudable, así como o intercambio de boas prácticas no ensino superior de persoas maiores.

Dende o ano 2011, a Universidade Sénior da UDC ten asinado acordos bilaterais para facilitar o intercambio de alumnado e staff con outros programas universitarios para maiores. O primeiro acordo foi asinado coa Universidad Permanente “Millán Santos” de la Universidad de Valladolid, ao que logo seguiría o asinado co Programa Universitari per la Gent Gran de la Universitat Ramon Llull de Barcelona.

Na actualidade os Intercambios Académicos se celebran anualmente cos Programas Universitarios para Maiores da Universidad Politécnica de Valencia e a Universidade de Salamanca.

7.1. Intercambio Académico coa Universitat Senior de la Universitat Politècnica de Valencia (UPV)

No ano 2016, os Reitores das Universidades da Coruña e Valencia asinaron un Convenio de Colaboración dirixido a facilitar a realización de intercambios de alumnado e persoal dos seus respectivos Programas Universitarios para Maiores, a Universidade Sénior da UDC e a Universidad Politécnica de Valencia. O primeiro intercambio tivo lugar na Coruña entre o 23-27 mayo de 2016 coa participación de 13 alumnos e alumnas da Universidade Politécnica de Valencia. Ao ano seguinte, no curso 2016-2017, entre o 28 de marzo e o 1 de abril, un grupo de 12 alumnos/as da Universidade Sénior da UDC se incorporaron ás actividades académicas cotiás da Universidad Sénior da Universidad Politécnica de Valencia.

No curso 2017-2018, o Intercambio Académico coa Universidad Senior de la UPV se insertó en el programa del International Meeting “Learning without Borders” co gallo dos 15 anos de Internacionalización, Mobilidade e Innovación da Universidade Sénior, aínda que algunhas das actividades foron específicas para os alumnos e alumnas valencianos:


- Martes 8 de maio: Visita guiada á Cidade Vella
- Mércores 9 de maio: Participación nas sesións ordinarias das materias da Universidade Sénior: “Exploracións culturais: Arte-Ciencia-Técnica” e “Ciencias Ambientais”.
- Xoves 10 maio: Actividade académica sobre a Real Expedición Filantrópica da Vacina, coñecida como Expedición Balmis, e visita guiada en Aquarium Finisterrae.

O grupo da Universitat Senior de la Universitat Politècnica de Valencia no International Meeting estivo composta por 11 alumnos e alumnas (7 mulleres e 4 homes), acompañados polos seguintes membros do staff: Rosa Puchades, Vicerreitora, e Francisca Cantón, Técnica do PUM.

7.2. Intercambio Académico coa Universidad de la Experiencia de la Universidad de Salamanca (USAL).

A principios do ano 2017, a Universidade da Coruña e a Universidad de Salamanca tivo lugar a sinatura dun novo Convenio de Colaboración que permite os intercambios académicos entre os Programas Universitarios de ambas institucións, comezando polo intercambio que no mes de maio de 2017 trouxo a un grupo de estudantes sénior do Programa Interuniversitario da Experiencia da USAL á Universidade Sénior da Coruña.

No curso 2017-2018, o Intercambio levou en abril de 2018 a un grupo de 12 alumnos e alumnas dos campus de A Coruña (8 alumnos/as) e Ferrol do Campus da Coruña (4 alumnos/as) de Ferrol á Universidad de Salamanca.



O grupo de alumnos e alumnas estivo liderado pola Directora da Universidade Sénior, Prof. Dra. Matilde García Sánchez, e o subdirector e responsable do campus de Ferrol, Prof. Dr. Alberto Sucasas Peón.

Durante o intercambio, desenvolveuse o seguinte programa de actividades:

Luns 16 de abril:

17.30h: Benvida e recibimento por parte da Directora do Programa.

19.30h: Recepción no Concello de Salamanca pola Concelleira de Maiores.



Martes 17 de abril:

10.00h: Visita guiada “Salamanca, Ciudad de Cultura”

12.30h: Visita guiada polos edificios, espazos e monumentos máis representativos da Universidad de Salamanca con motivo do seu VIII Centenario.

18.00: Actividades académicas

- Clase sobre Ciencia e Tecnoloxía
- Clase sobre nocións básicas de Dereito
- Clase sobre Historia Contemporánea
- Clase sobre Pedagogía



Mércores 18 de abril:

Visita académica a Zamora e Toro:

09.00H: Saída de Salamanca.

10.00h: Visita Museo Pedagógico, Universidad de Salamanca

12.00h: Saída a Toro: Visita a Museo do Queixo e Adegas

17.30h: Visita á Colegiata

19.00h: Regreso a Salamanca

Xoves 19 de abril: Actividade de campo de día completo. (08.30 a 20.00h)

Visitas de contido cultural, patrimonial e paisaxístico por poboacións e enclaves salmantinos xunto á fronteira de Portugal a cargo do Prof. Valentín Cabero, Catedrático de Xeografía e Historia, incluíndo a visita a Ciudad Rodrigo, Vila Formoso, Guarda, Sotillo e Sabugal.

21.30h: Cea de confraternización de alumnos/as de ambas universidades

Venres 20 de abril:

10.00h: Visita Casa-Museo Unamuno e Despedida.

8. Seminarios na Universidade Sénior da Coruña.

Dende o curso 2016/2017, a Universidade Sénior complementa a oferta formativa do seu Plano de Estudos (materias e talleres), coa celebración de Seminarios dedicados a temas concretos, actuais e sobre asuntos de interese para o alumnado, que ten a posibilidade de matricularse nos mesmos, así como o público en xeral.

No curso 2017/2018 celebráronse os seguintes Seminarios:

8.1. Semana Saudable 2017

A Universidade Sénior da Universidade da Coruña organizou, no curso 2017/2018, unha nova edición da Semana Saudable. A Universidade da Coruña é membro da Red Estatal de Universidades Saludables (REUS) e cada ano celebra con actividades durante o mes de outubro, o Día das Universidades Saudables (4 de outubro).

No **campus da Coruña**, o programa das actividades foi o seguinte:

- Martes, 17 de outubro, ás 12 horas, Conferencia "El ejercicio físico en grupo, como fomento de la salud y relación social", a cargo do profesor Isidoro Hornillos Baz, da Facultade de CC. do Deporte e Educación Física da UDC.
- Martes, 17 de outubro, ás 17 horas, Conferencia "Cómo afecta o Cambio Climático á Saúde?", a cargo do profesor Pedro Vega Marcote, da Facultade de CC. da Educación da UDC.
- Venres, 20 de outubro, ás 17 horas, Conferencia "¿Qué lleva lo que comemos?", a cargo de Dña. Déborah García Bello, licenciada en Química pola UDC, divulgadora científica profesional.



No **campus de Ferrol**, o programa das actividades foi o seguinte:


- Martes, 17 de outubro, ás 11 horas, Conferencia "Influencia que tienen los pies en la calidad de vida", a cargo do profesor Daniel López López, Facultade de Enfermería e Podoloxía da UDC.
- Mércores, 18 de outubro, ás 11 horas, Sesión teórico-práctica "Beneficios da Relaxación para a Saúde", a cargo do profesor José María Rolón Varela, Facultade de Ciencias do Traballo da UDC.
- Xoves, 19 de outubro, ás 10 horas, Sesión teórico-práctica "Masterclass sobre actividad física saludable sin implementos", a cargo do profesor Juan José Fernández Romero, Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física da UDC.



8.2. Seminario de Nutrición no Adulto Maior

Coordinado por Prof. Dra. Matilde García Sánchez e Prof. Dr. Diego Bellido Guerrero da Facultade de Enfermaría e Podoloxía da UDC abordou o seguinte programa:

- Luns 8 de xaneiro: “Consellos para unha alimentación saudable nas persoas sas”, a cargo da Prof. Dra. Ana Sánchez.
- Luns 15 de xaneiro: “Qué debes comer se tes o azucre alto ou queres previlo? Consellos dietéticos e nutricionais”, a cargo da Prof. Dra. Cristina Tejera.
- Luns 22 de xaneiro: “Alimentos para manter o colesterol e a tensión baixo control. Consellos dietéticos e nutricionais”, a cargo a Prof. Dra. Gemma Rodríguez.
- Luns 5 de febreiro: “Falsos mitos en nutrición, dietas de moda non tan sas, dieta mediterránea e dieta atlántica”, a cargo da Prof. Dra. Cristina Porca.



Neste Seminario asistiron un total de 34 alumnos e alumnas, dos cales 2 alumnas non pertencían á Universidade Sénior.

8.3. Seminario “Introdución á arte cinematográfica

Este Seminario supón unha aproximación ao cine desde unha perspectiva estética, é dicir, como expresión artística dotada dunha linguaxe propia. Recoñecer os elementos fundamentais deste, tomando como referencias dúas nocións (plano e montaxe) foi o obxectivo principal do seminario. Alternando a exposición teórica e a exhibición de fragmentos fílmicos ilustrativos, promoveuse a participación dos alumnos e alumnas, valorando a súa experiencia como espectadores cinematográficos.


Foi distribuído, vía email, un material onde, con abundante acompañamento gráfico, maioritariamente fotogramas, recolleuse por escrito o discurso oralmente exposto na aula.

O Seminario tivo lugar no Espazo Cubo de Normal (Paseo de Ronda, 47) en cinco sesións de dúas horas de duración, de 17 a 19 horas, os días 26 de febreiro, 12 de marzo, 16 e 30 de abril, e 14 de maio de 2018.

No Seminario participaron 50 persoas, das que 45 foron alumnos e alumnas da Universidade Sénior, por cinco asistentes de público en xeral.

O programa do Seminario foi o seguinte:

- Luns 26 de febreiro: O cine: técnica e arte; cinematógrafo e cine. O cine como arte: a linguaxe cinematográfica. O cine, síntese das demais artes.
- Luns 12 de marzo: O plano (I). Concepto de plano. Aspectos esenciais do plano: encadre, campo e fora de campo; escala de planos; angulación; iluminación; decorados; profundidade de campo
- Luns 16 de abril: O plano (II). A duración do plano: plano-secuencia; o ritmo do plano. O movemento no plano: plano fixo e movementos de cámara; o xogo campo/contracampo.
- Luns 30 de abril: A montaxe (I). Concepto de montaxe. Dúas escolas da montaxe: analítica (Eisenstein) e sintética (Bazin). Micro-montaxe e macro-montaxe.
- Luns 14 de maio: A montaxe (II). Aspectos sonoros da montaxe. Montaxe lineal, en paralelo e alternada.



8.4. Seminario “5 Leccións de Estética: Forma, Vida e Experiencia” no Campus de Ferrol

A Universidade Sénior da Coruña organizou no Campus de Ferrol un Seminario titulado “5 Leccións de Estética: Forma, Vida e Experiencia”, coordinado polo profesor Alberto Ruiz de Samaniego.

Este seminario contou con 5 sesións de dúas horas de duración (de 12 a 14 horas), os días 26 de abril e 3, 10, 24 e 31 de maio de 2018, cos seguintes contidos:

A Estética é unha disciplina da filosofía que atende a moi diversas formas da experiencia da arte: literatura, artes plásticas, música, cinema, danza, etc. Este seminario presentará conceptos e preocupacións fundamentais que afectaron á historia das formas e do pensamento artístico desde o Renacemento ata a Modernidade.

- Piero della Francesca: o clásico.
- Barroco: a exasperación do ambivalente.
- Romanticismo: procura do infinito.
- Dandismo: facer dun mesmo unha arte.
- Wagnere e a obra de arte total.




9. Iniciativas innovadoras da Universidade Sénior en colaboración con distintas institucións.

A **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)** e a Universidade Sénior da Coruña veñen colaborando no marco do Plan Dixital de Galicia nun itinerario formativo destinado á capacitación dixital de persoas maiores de 50 anos. O Plan de Inclusión Dixital é a estratexia autonómica para facilitar a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC. Esta estratexia estase a desenvolver grazas á cooperación, e implicación dos axentes do ecosistema dixital. Actualmente o Plan de Inclusión Dixital conta con preto de 800 aliados dixitais, entre os que se inclúe a Universidade Sénior da Universidade da Coruña, a cal ven colaborando coa Xunta de Galicia dende 2016 como aliado dixital e anteriormente como entidade colaboradora do Programa de Voluntariado Dixital.

Dentro das actividades realizadas en 2018, como xa quedou apuntado, o 1 de marzo realizouse a primeira das actividades planificadas de difusión no marco do proxecto europeo: Proxecto Erasmus+ KA204 "TICTac +55 - Técnicas de aprendizaxe combinadas na ensinanza das TIC para persoas maiores de 55 anos", cun obradoiro baixo o título: "As TIC como unha destreza de vida nas persoas adultas e maiores europeas" que foi transmitido por videoconferencia á través da Rede CeMIT.

Os días 19 de marzo e 10 de abril, tiveron lugar dúas xornadas de presentación da plataforma É-Saúde do Sergas nas instalacións da Universidade en A Coruña e en Ferrol, que foron retransmitidas por videoconferencia a través da Rede CeMIT da Xunta de Galicia, cunha participación de mais de 150 persoas e 26 aulas, espalladas por toda Galicia.

Estas presentacións, a cargo da responsable da Plataforma É-Saúde, Dña. Pilar Farjas, tiveron un enfoque eminentemente práctico co obxectivo de mostrar as facilidades da xestión online que ofrece a plataforma con exemplos prácticos sobre a solicitude das citas médicas, o acceso á historia clínica do paciente ou a consulta da medicación dende calquera dispositivo sen necesidade de desprazamentos aos centros de saúde.



A Universidade Sénior ven colaborando nos últimos anos coa iniciativa **Programación Extendida TRC-Danza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña** (Concellería de cultura do Concello da Coruña) para facilitar o achegamento da danza contemporánea ao público a través de actividades desenvolvidas fora dos espazos tradicionais. Así, no curso 2017-2018 desenvolveuse a actividade de Práctica en Continuidade baixo o título "Abrir as Claves da Historia da Danza", con Helen Bertels" foron unha serie de sesións teórico-prácticas sobre a historia da danza, un achegamento aos referentes e personaxes máis importantes que foron tecendo a evolución da danza máis contemporánea dende os anos 70 ata os nosos días.

De carácter intensivo e de corta duración esta actividade serviu para comezar a educar a mirada como espectadores de danza, ter un coñecemento un pouco máis profundo sobre os contextos socioeconómicos, políticos e estéticos e unha oportunidade de mergullarse no mundo da historia da danza da man da actriz, creadora e autora alemana Helen Bertels. A actividade tivo lugar entre o 23 de outubro e o 27 de novembro, nas instalacións da Universidade Sénior en Normal, cunha sesión especial, o sábado 11 de novembro ás 18 horas no Teatro Rosalía de Castro. Un total de 21 persoas participaron nesta actividade, 17 alumnas da Universidade Sénior e 3 alumnas como público en xeral.



Entre Novembro de 2017 e Xuño de 2018, en colaboración co CIDU, Club de Iniciativas Deportivas Universitarias, en colaboración coa Universidade Sénior da Coruña, desenvolveuse unha nova edición **da iniciativa de envellecemento activo a través do xadrez** baixo o título **"Mantén Activa a túa Mente"**. As sesións teñen lugar no segundo andar da Normal (A Coruña), de 18,10 a 19,10 horas. Participaron un total de 3 alumnas da Universidade Sénior.

10. Iniciativa Innovadora Singular: Radio Sénior

RadioSénior foi un proxecto de formación en alfabetización mediática (media literacy) froito da colaboración entre dous Talleres da Universidade Sénior no campus da Coruña:

- Taller de Comunicación Social e Capacitación Mediática
(<http://miradasenior.wordpress.com>)
- Taller Europeo
(https://www.udc.gal/gl/senior/obradoiros/taller_europeo/index.html).

Nace en 2016 coa finalidade de traballar de xeito cooperativo unha análise crítica da imaxe e o rol asignado ás persoas maiores nos medios de comunicación e na publicidade, combatendo prexuízos e ideas preconcebidas sobre as persoas maiores, e sensibilizando sobre os dereitos das persoas maiores, evitando a discriminación e xerando unha cidadanía activa e participativa entre os maiores, converténdose en axentes activos da comunicación e construíndo unha ferramenta de difusión da aprendizaxe ao longo da vida que supón a Universidade Sénior.

No curso 2017/2018, incorpóranse catro novos alumnos/as aos cinco pioneiros/as logo das sesións de presentación en ambos Talleres, mediante a presentación dunha Carta de Motivación, avaliada logo polos docentes responsables da actividade.

Tras a fase de formación, os 9 alumnos/as comezaron a produción e emisión dos programas quincenais da segunda tempada de RadioSénior, emitidos a través da emisora CUAC FM dende os estudos situados no Campus da Zapateira.

Gráfico 5. Participantes RadioSénior, 2016/2018, por sexo




Gráfico 6. Participantes RadioSénior, 2017/2018, por idade





Gráfico 7. Participantes RadioSénior, 2016/2018, por estudos previos



Formación:

- **Formación na Universidade Sénior:**

o **Formación en Alfabetización Dixital.**

Os alumnos/as de RadioSénior incorporáronse a dúas sesións ordinarias (4 horas) do Taller de Comunicación Social e Capacitación Mediática que imparte a investigadora da UDC, Isabel Lema.

Nestas sesións foron tratados aspectos fundamentais da comunicación social (Conceptos chave ao redor da comunicación, Tipos de comunicación interpersonal e masiva, Medios de comunicación de masas. Funcións dos medios de comunicación de masas e Tipoloxías de medios de comunicación), así como as Representacións sociais e medios de comunicación (A construción da noticia, Ética e responsabilidade social na práctica comunicativa, Comunicación e cidadanía: cara a unha comunicación non excluín-te).

o **Formación en TIC**

Os alumnos e alumnas de RadioSénior incorporáronse a dúas sesións ordinarias (4 horas) de formación TIC, no Taller Europeo, impartido pola profesora Pilar García de la Torre. Os contidos desta formación estiveron centrados no manexo dun blog como canle de comunicación interna/externa da iniciativa.

Esta formación complementouse cunha sesión específica de RadioSénior centrada no manexo das seguintes ferramentas para o mellor desenvolvemento da actividade: Edición de Audio Dixital, Podcast, Streaming, ...

- **Formación na emisora comunitaria CUAC FM:**

Formación en Radio: A cargo de CUAC FM (<https://cuacfm.org/>), dentro do seu plan de iniciación á comunicación radiofónica. A formación conta cunha duración de 10 horas (7 teóricas + 3 prácticas). Os contidos do programa formativo son:

- o Módulo 1: Asociacionismo e Medios Comunitarios (2 horas).
- o Módulo 2: Xornalismo e produción radiofónica (3 horas).
- o Módulo 3: Locución radiofónica e control técnico. (2 horas).
- o Módulo 4: Módulo práctico: produción do programa. As sesións prácticas foron realizadas, no curso 2017/2018, no propio programa RadioSénior.

A Universidade Sénior dispuxo dende o inicio do proxecto da participación dun técnico para o deseño, desenvolvemento e coordinación desta iniciativa, ata a emisión do último programa desta tempada (5 de xullo), no que se abriu un período de redefinición da iniciativa cara a terceira tempada de RadioSénior, xa no curso 2018/2019.

Algunhas **cifras e datos relevantes** da Iniciativa RadioSénior:

- Primeira emisión: 4 de maio de 2017
- 21 programas emitidos, en 2 tempadas
- Case 1300 horas de radio en directo
- Última emisión: 5 de xullo de 2017.



Nestes tempos, teñen pasado polas ondas de RadioSénior preto de 80 personaxes relevantes da vida académica, social, cultural e artística da nosa contorna:

Autoridades Universitarias:

- Julio Abalde – Reitor
- Nancy Vázquez – Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Educativa – UDC
- Pilar García – Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación – UDC
- Matilde García – Directora Universidade Sénior UDC
- Ana González – Directora Unidade de Divulgación Científica UDC
- Rosa Cobo – Directora Centro de Estudos de Xénero e Feministas – UDC

Profesorado da Universidade

- Adina Dumitru – Profesora UDC
- Casto Rivadulla – Profesor UDC
- Diego Bellido – Profesor UDC
- Fernando Agrasar – Profesor UDC
- Pilar Millor – Profesora UDC
- J. Manuel Sánchez-Quinzá – Profesor UDC
- Isidoro Hornillos – Profesor UDC
- Jaime Fagúndez – Profesor UDC
- Alberto Sucasas – Profesor UDC
- Andrés Martínez – Profesor UDC

Personalidades do ámbito académico:

- Francois Vellas – Presidente AIUTA
- Concepción Brú – Presidenta AEPUM
- Pablo Martín – Director de SEPIE (Servicio Español de Promoción de la Internacionalización de la Educación)
- Andrés Ajo – Responsable Educación de Adultos del SEPIE
- Luís Jacob – Presidente de RUTIS (Rede de Universidades da Terceira Idade –Portugal)
- María Guimaraens – Directora UGIRT (Univ. da Grande Idade de RioTinto)
- Jose Manuel Muñóz – Director Univ. Experiencia – Salamanca
- Alejandro Otero – Presidente FEGAUS (Fed. Galega de Universitarios Sénior)
- Marina Troncoso – Presidenta CAUMAS (Confed. Asoc. de Universitarios Mayores)
- Roberto Pérez – Presidente ADAYEUS (Asoc. Alumnos/as Universidade Sénior)

Personalidades do ámbito político:

- Ricardo García – Deputado pola Coruña nas Cortes Generales

- Xulio Ferreiro – Alcalde de A Coruña
- Rocío Fraga – Concelleira de Igualdade e Seguridade – Concello da Coruña
- Manuel Muiño – Alcalde de Zas e Presidente do GDR “Costa da Morte”
- Pilar Farjas – Responsable E-Saude SERGAS

Personalidades do activismo e o compromiso social:

- Esteban Beltrán – Director de Amnistía Internacional
- Rubén Sánchez – Activista Social (Acampa)
- Marta Casal – Activista Social (Muller)
- Montse Otero – Sindicalista
- Roberto Rivas – Bombeiro e Activista Social

Personalidades do ámbito cultural e artístico

- Xulia Santiso – Directora Casa Museo Emilia Pardo Bazán
- Silvia Modia – Vicedirectora del Auditorio de Galicia.
- Carmen Fernández – Directora MACCoruña
- Manuel Rivas – Escritor
- Olga Rodríguez – Periodista
- Ivan Patiño – Director de Cine
- Marcos Pérez – Xornalista
- Nacho Carretero – Xornalista
- Manuel Vicente – Divulgador Científico e director de “Efervesciencia” -RTVG
- Edu Fernández – Artista
- Ali Ali – Artista
- Rita Rodríguez – Artista
- Xurxo Souto – Artista e cantante
- Guadi Galego – Cantante
- Uxía – Cantante
- Sonia Lebedinsky – Cantante
- Manuel Lourenzo – Dramaturgo e Actor

Personalidades do ámbito económico e social:

- Cesar Bonilla – Empresario
- Vicente Campos – Médico
- Pablo Pizarro – Cociñeiro
- Ana Salorio – Cociñeira

E mais de 20 alumnos e alumnas da Universidade Sénior e outras institucións de formación de adultos de toda Europa

No curso 2017/2018, o programa obtivo o recoñecemento do resto de programas da emisora que, por votación, concederon tres premios a RadioSénior:

- Premio ao Mellor Programa Cultural e Divulgativo
- Premio ao Mellor Programa Novel
- Premio ao Mellor Técnico Novel, para Luis Santillana

Así mesmo, a experiencia de RadioSénior como iniciativa de capacitación mediática da Universidade Sénior foi recollida na publicación “Experiencias de éxito en los PUPMs: contenidos, metodologías y herramientas pedagógicas, y formatos para dar respuesta al abanico multigeneracional de los PUPMs”, froito do IX Seminario de Trabajo AEPUM, celebrado na Universitat de les Illes Balears, os días 26 e 27 de abril de 2018.

